

O Festival de Curtametraxes de Bueu afronta a súa edición máis internacional e de maior calidade

Do 5 ao 10 de setembro proxectaranse as cintas seleccionadas para o FICBUEU2011 entre preto de 600 candidatas de 40 países

Bueu, 25 de agosto de 2011. O Concelleiro de Cultura, Andrés Lamosa, presentou esta mañá o variado programa da cuarta edición do Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu, FICBUEU2011, nun acto no que tamén participou o director do certame, Manuel Pena. Do 5 ao 10 de setembro, proxectaranse no Centro Social do Mar 25 curtas de 15 países diferentes. Os pases comezarán ás 21.30 horas, con entrada de balde. O sábado día 10 terá lugar a entrega de premios e a festa de clausura.

Andrés Lamosa lembrou que “o Concello asume este ano todo o custe organizativo”, e faino “orgullosa” xa que “por cuarto ano consecutivo, aumentamos tanto o número de películas como os países que participan”. Desde que en marzo se abriu o prazo para a presentación de obras, recibíronse 575 propostas de máis de 40 países dos cinco continentes. O edil de Cultura apuntou que este festival “está poñendo a Bueu no mapa”, pois “nunha vila turística necesitamos difusión e o FIC é unha das actividades con máis proxección fóra das nosas fronteiras”. “Agardamos que o Centro Social volva quedar pequeno”, concluíu o concelleiro.

Pola súa banda, Manuel Pena subliñou que nesta edición “o obxectivo era consolidar o aspecto internacional do festival” e, de feito, “esa variedade de países participantes reflíctese na programación”. Das 25 cintas seleccionadas, 17 son de fóra do Estado, e entre as oito producións españolas figuran dúas galegas. Segundo o director do FICBUEU, a programación deste 2011 “a parte de ser máis rica en diversidade polas procedencias, é a que quedou máis redonda, é moi completa e o nivel medio é máis alto ca outros anos”.

Temáticas e premios

No FICBUEU2011 repíten países como Alemaña, Bélxica, Italia ou Arxentina. Outros están representados por primeira vez, como é o caso de Eslovenia, Alxeria, Turquía, Armenia ou Romanía. A guerra, o amor, a emigración, o cárcere, a adolescencia e a fuxida son só algunhas das temáticas que se abordan nas cintas seleccionadas, entre as que hai varias

curtas de animación. Os xéneros varían da comedia ao drama, pasando pola aventura, a fantasía e a road movie. Historias reais e cómics dan orixe a algúns dos filmes.

A cinta gañadora recibirá 2.000 euros, mentres que o segundo premio está dotado con 1.000 euros. A mellor curtametraxe galega levará 500 euros, a mesma contía que obterá aquela que acade o premio do público, outorgado polos asistentes mediante unha votación diaria. Repartiranse asemade 11 de diplomas entre os mellores doutras tantas categorías artísticas e técnicas: director, guión, actriz, actor, fotografía, dirección artística, vestuario, maquillaxe/perruquería, son, montaxe e música.

O xurado do FICBUEU2011 está composto por Severiano Casalderrey, director do festival de cinema de animación ARNAU; o xornalista Gaspar Broullón, guionista e realizador de documentais e programas de televisión; Mely López, directora do cineclub Lumière con experiencia en xurados internacionais, e mais a fotógrafa Eva Díez. A programación completa e toda a información do festival pode atoparse no web www.ficbueu.com.

SERVIZO DE COMUNICACIÓN
Carmen Novas 616 145 077
prensa.ficbueu@gmail.com